

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE XUVENTUDE E DEPORTES

De forma telemática, sendo as 12:20 horas do día 21 de maio de 2021, reúnese a Comisión de Xuventude e Deportes, baixo a presidencia de **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ**, e coa asistencia dos seguintes Deputados/as, **D^a IRIA LAMAS SALGUEIRO** en substitución de **D^a Ana Laura Iglesias González**, **D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ**, **D^a ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA**, **D. CARLOS LÓPEZ FONT**, **D^a NOEMÍ OUTEDA PROL**, **D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ**, **D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ** en substitución de **D^a M^a Victoria Alonso Méndez**, **D^a M^a ELENA ESTÉVEZ FREIRE**, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ**, **D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO**, **D^a M^a PAZ LAGO MARTÍNEZ**, **D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ**, **D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS**, **D. JAVIER TOURÍS ROMERO**, **D. IGNACIO MARIL PARDO**, **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **D^a MARÍA ORTEGA IÑARREA**.

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**, Xefe do Servizo Deportes.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.-LECTURA E APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo reparo algún, apróbase, por unanimidade, a acta de 23/04/2021.

2.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPEN EN COMPETICIÓN FEDERADAS DE ÁMBITO NACIONAL PARA O ANO 2021.

Polo Sr. Secretario dáse conta da concesión de subvencións dirixidas a asociacións e club s deportivos sen ánimo de lucro que participen en competicións federadas de ámbito nacional no ano 2021 (programa DE_B/21) na sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra de data 30 de abril de 2021.

Dita concesión foi asignada a 90 clubs deportivos de CATEGORÍA NACIONAL por un importe total de 848.600,00 €, dos cales, 24.000,00 € foron para a modalidade de Atletismo, 110.000,00 € para a modalidade de Baloncesto, 225.000,00 € para a modalidade de Balonmán, 90.000,00 € para a modalidade de Ciclismo, 190.000,00 € para a modalidade de Fútbol, 35.000,00 € para a modalidade de Fútbol Sala, 22.000,00 € para a modalidade de Tenis de mesa, 17.000,00 € para a modalidade de Voleibol, 10.000 € para a modalidade de Rugby, 16.600 para a modalidade de Judo e 109.000,00 € para “outras modalidades” que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 21/340.3410.489.20.

Quedou excluída unha solicitude motivos establecidos nas bases da convocatoria.

Queda dada conta.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.



E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:25 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

